

Seguro Accidentes

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Miniseguro Accidentes BBVA Allianz

A información precontractual e contractual completa do produto proporciónase noutros documentos.

En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro de accidentes anual renovable que inclúe unha cobertura de falecemento e de prestación asistencial (indemnización diaria por hospitalización) cando sufras un accidente cuberto polo contrato de seguro.



Que se asegura?

✓ Falecemento do asegurado derivado de accidente

A aseguradora indemnizará os beneficiarios que indicaches nas condicións particulares se faleces a causa dun accidente cuberto polo contrato de seguro.

✓ Falecemento do asegurado derivado de accidente de circulación

A aseguradora indemnizará os beneficiarios que indicaches nas condicións particulares se faleces a causa dun accidente como peón e causado por un vehículo, ou como condutor ou pasaxeiro dun automóbil, ciclomotor ata 125 cc ou quad, ou como usuario de transporte público terrestre.

✓ Falecemento do cónxuxe do asegurado por accidente de circulación no mesmo accidente no que se produza o falecemento do asegurado

A aseguradora indemnizará os beneficiarios que indicaches nas condicións particulares se falece o teu cónxuxe como consecuencia do mesmo accidente de circulación que provoque o teu falecemento.

✓ Indemnización diaria por hospitalización por accidente

A aseguradora aboarache unha indemnización diaria cando te hospitalicen por un accidente cuberto polo contrato de seguro. A suma asegurada de cada garantía establecerase nas condicións particulares do teu contrato de seguro.



Que non está asegurado?

Resumimos as principais exclusións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

Quedarán excluídos o falecemento por accidente ou a indemnización por hospitalización derivada de accidente que teñan a súa orixe como consecuencia.

EN TODAS AS GARANTÍAS

✗ Os producidos como consecuencia directa ou indirecta da reacción ou radiación nuclear ou contaminación radioactiva. Os causados por tremor de terra, erupción volcánica, inundación, furacán e todos aqueles que deriven de situacións cualificadas polo Goberno da nación como catástrofe ou calamidade nacional.

✗ As consecuencias de enfermidade ou accidente orixinados antes da data de entrada en vigor do contrato de seguro, aínda que as consecuencias destes persistan, se manifesten ou determinen durante a súa vixencia.

✗ A práctica de navegación submarina ou viaxes de exploración, así como os accidentes derivados dos seguintes deportes: equitación, esquí en competición, alpinismo, espeleoloxía, loita, boxeo, artes marciais, inmersiones submarinas, deportes aéreos, automobilismo, motociclismo, rugby e polo.

✗ Os riscos cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros.

✗ As consecuencias dun acto de imprudencia ou negligencia grave do asegurado, así como as derivadas da participación do asegurado en actos delituosos, competicións, apostas, duelos ou pelexas, sempre que neste último caso non actuase en lexitima defensa ou en tentativa de salvamento de persoas ou bens.

NA GARANTÍA DE FALECIMENTO POR ACCIDENTE

✗ Os accidentes cerebrovasculares e cardiovasculares, tales como aneurismas, infartos, hemorragias, ictus e similares; as consecuencias derivadas de procesos de diagnósticos invasivos ou reaccións adversas a calquera tipo de tratamento médico ou cirúrxico; as consecuencias de esvaecementos, síncope, ataques de epilepsia de calquera natureza, estados morbosos ou dexenerativos e hernias sexa cal sexa a súa orixe.

NA GARANTÍA DE INDEMNIZACIÓN DIARIA POR HOSPITALIZACIÓN DERIVADA DE ACCIDENTE

✗ A práctica da patinaxe en xeral, incluído o hóckey.

✗ As curas de repouso, termais ou dietéticas e os recoñecementos médicos ou controis de saúde.

✗ As neuropatías e alxiopatías que non dean síntomas obxectivos que poidan ser comprobados clinicamente.

✗ As consecuencias ou secuelas dun accidente cuberto, que se manifesten despois dos 365 días seguintes á data en que este ocorra, salvo que poida demostrarse de forma fidedigna que son causa directa do accidente.

Seguro Accidentes

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Miniseguro Accidentes BBVA Allianz



Existen restricións no que respecta á cobertura?

Resumimos as principais restricións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ! O falecemento por accidente ten que ocorrer dentro dos 24 meses seguintes a que se produza o accidente.
- ! O falecemento por accidente de circulación e/ou o falecemento do teu cónxuxe no mesmo accidente no que falezas ti ten que producirse dentro dos 12 meses seguintes a que se produza o accidente.
- ! A hospitalización ten que ser superior a 96 horas e nun hospital que estea en territorio español. O período máximo de indemnización é dun ano.



Onde estou cuberto?

- ✓ En todo o mundo, excepto para a garantía de indemnización diaria por hospitalización en caso de accidente, que está limitada ao territorio nacional.



Cales son as miñas obrigas?

- Contestar verazmente os cuestionarios requiridos por BBVA Allianz Seguros para a correcta valoración do risco.
- Realizar o pagamento do prezo do seguro.
- Comprobar que os teus datos que constan no contrato de seguro son os correctos.
- En caso de producirse o accidente, comunicarllo a BBVA Allianz Seguros nun prazo de 7 días e achegar a documentación que o acredite para a correcta tramitación do expediente.
- Comunicarlle a BBVA Allianz Seguros a modificación dos teus datos persoais, de ser o caso.



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?


- O recibo do seguro domiciliarase na conta bancaria que nos indiques.
- Poderás elixir entre as seguintes formas de pagamento: trimestral, semestral ou anual.



Cando comeza e finaliza a cobertura?

O contrato entra en vigor ás 00:00 horas da data de inicio e a súa duración é dun ano. Renovarase de forma automática anualmente, salvo que ti ou BBVA Allianz Seguros indique o contrario, e finalizará cando ocorra algún dos seguintes supostos:

- Fagas 70 anos.
- Non realices o pagamento periódico do prezo do seguro.
- Falecemento



Como podo rescindir o contrato?

O contrato do miniseguro accidentes BBVA Allianz é anual, aínda que ti o pagues de forma trimestral, semestral ou anual. Para solicitar a non renovación do contrato debes de nolo comunicar cun mes de antelación á súa data de finalización, para o que dirixirás un escrito, xunto coa copia do teu DNI ou documento equivalente acreditativo da túa identidade, a BBVA Allianz Seguros ao domicilio que figura nas condicións xerais (calle Ramírez de Arrellano, 35 - 28043 Madrid). Tamén o podes entregar en calquera das oficinas do Grupo BBVA ou envialo ao enderezo de correo electrónico seguros@bbvaallianz.es.